

# **DEPARTAMENTO DIDÁCTICO DE ECONOMIA**

**CURSO 2019-2020**



**I.E.S. TORRENTE BALLESTER  
PONTEVEDRA**

---

# INDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	4
1.1. O Centro	
1.2. Características do alumnado. O Entorno socio económico	
2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DIDÁCTICO DE ECONOMÍA	5
3. MATERIAS QUE IMPARTE E MATERIAS ASINADAS AO DEPARTAMENTO DIDÁCTICO DE ECONOMÍA	6
4. OBXECTIVOS	6
4.1. Obxectivos Economía 4º ESO	
4.2. Obxectivos Bacharelato	
4.2.1 Obxectivos Economía 1º Bacharelato.	
4.2.2. Obxectivos Economía da Empresa 2º Bacharelato	
4.2.3.Obxectivos Fundamentos Administración e Xestión	
5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DO PERFÍS COMPETENCIAIS.	13
5.1. Economía 4º ESO.	
5.2. Economía 1º Bacharelato.	
5.3. Economía da Empresa 2º Bacharelato.	
5.4. Fundamentos de Administración e Xestión 2º Bacharelato	
6. TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO	41
6.1. Ponderación e instrumentos de avaliación Economía 4º ESO.	
6.2. Temporalización 4º ESO.	
6.3. Ponderación e instrumentos de avaliación Economía 1º Bacharelato.	
6.4. Temporalización 1º Bacharelato.	
6.5. Ponderación e instrumentos de avaliación Economía da Empresa.	
6.6. Temporalización Economía da empresa.	
6.7. Ponderación e instrumentos de avaliación FAX	
6.8. Temporalización Fundamentos de Administración e Xestión	
7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA	94
7.1. Metodoloxía didáctica en bacharelato.	
7.2. Metodoloxía didáctica en 4º ESO	
8. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DA COMPETENCIAS BÁSICAS	96
8.1. Contribución de Economía (4ºESO) ao logro das Competencias Básicas	
8.2. Contribución de Economía (1º Bacharelato) ao logro das Competencias Básicas.	
8.3. Contribución de Economía da Empresa ao logro das Competencias Básicas.	
8.4. Contribución de Fundamentos de Administración e Xestión ao logro das Competencias Básicas.	
9. MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS	143
10. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	144

---

10.1. Convocatoria Ordinaria.	
10.1.1. Economía 4º ESO.	
10.1.2. Economía 1º Bacharelato.	
10.1.3. Economía da Empresa.	
10.1.4. Fundamentos de Administración e Xestión	
10.2. Convocatoria Extraordinaria.	
11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSI- NO E A PRÁCTICA DOCENTE	154
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	155
13. RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	155
14. DIRECTRICES, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS PARA A REAIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL	156
15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	157
16. TEMAS TRASVERSAIS	157
17. INCORPORACIÓN DE MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMO- RIA DO CURSO ANTERIOS	158
18. PROCEDEMENTO PARA DAR COÑECEMENTO DA PROGRAMA- CIÓN AOS ALUMNOS	158
19. PROCEDEMENTO PARA DAR COÑECEMENTO DA PROGRAMA- CIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA	159
20. PROCEDEMENTOS DE ATENCIÓN A RECLAMACIÓNS SOBRE CUALIFICACIÓNS FINAIS	159
21. PROGRAMAS, ACTIVIDADES OU PROXECTOS DE INNOVA- CIÓN/FORMACIÓN NOS QUE VAI A PARTICIPAR O DEPARTA- MENTO	159
22. PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN	159
23. CARACTERÍSTICAS IDENTIFICATIVAS	160

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Segundo o marco legal, reflectido no decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o bacharelato ten coma finalidade proporcionarlle ao alumnado a formación a madurez intelectual e humana, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, así coma capacitarse para o acceso á educación superior.

Segundo este mesmo marco legal, reflectido no decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia, a educación secundaria obrigatoria ten por finalidade lograr que os alumnos e as alumnas adquiren os elementos básicos da cultura, nomeadamente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles/as hábitos de estudo e de traballo; preparalos/as para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral, e formalos/as para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

Dentro deste marco do bacharelato, están inscritas as materias de Economía en 4º ESO e 1º de bacharelato e as materias de Economía da Empresa e Fundamentos de Administración e Xestión. O Departamento de Economía considera que a programación destas materias e fundamental tanto no ámbito persoal, xa que toda persoa debe tomar unha serie de decisións coma consumidora, traballadora, aforradora, empresaria, coma no ámbito social xa que temas coma o paro, a inflación, o déficit público ou o PIB son temas de debate e de diferentes propostas teóricas e políticas. Por iso o Departamento de Economía considera que é necesario uns coñecementos mínimos para poder afrontar a realidade dun mundo globalizado e madurez persoal e social.

En consecuencia, podemos establecer coma xustificación teórica da programación o seguinte: hoxe en día a información económica ocupa un lugar moi importante nas emisións de radio, nas noticias dos telediarios e nas páxinas dos xornais e revistas. En moitas tertulias discútese de temas económicos con maior ou menor rigor e profundidade. Para poder interpretar adecuadamente a realidade, e para valorar con fundamento as consecuencias das decisións económicas que adoptan os gobernos e as empresas, é necesario o coñecemento dos conceptos básicos da ciencia económica. Así pois, “saber de economía” converteuse, até certo punto, nun dereito cívico, imprescindible para que os cidadáns poidan participar activamente na vida democrática das sociedades modernas.

### 1.1. O CENTRO

O IES “Gonzalo Torrente Ballester” foi creado como tal no curso 1989-90, iniciándose a súa actividade nas instalacións do instituto “Xunqueira II” para trasladarse ao edificio actual en xaneiro de 1990. Ubicado no remate da rúa Herminia Fariña Cobián, atópase nunha zona de expansión da capital que nos últimos trinta anos pasou de ser case rural ou periurbana a estar plenamente integrada no núcleo urbano.

O Claustro do IES Gonzalo Torrente Ballester caracterízase nos últimos anos pola súa estabilidade no tocante á súa estrutura (número de membros, departamentos...), mentres que se pode apreciar un proceso de renovación que se debe fundamentalmente ás xubilacións e non aos traslados cara a outros centros.

## **1.2. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO. O CONTORNO SOCIO ECONÓMICO.**

O alumnado do Centro procede fundamentalmente do propio concello de Pontevedra, se ben as porcentaxes varían moito segundo o nivel educativo no que fixemos a atención. Mentras que na ESO a maioría do alumnado procede de Pontevedra no Bacharelato a súa procedencia é máis díspar xá que o centro recibe un importante número de alumnos procedentes dos arredores e Pontevedra.

En conxunto, a procedencia é polo tanto dun entorno urbano ou periurbano, especialmente no caso da ESO, o que confire unha certa uniformidade das experiencias vitais e educativas do alumnado que facilita a integración social e o deseño do proceso de ensino-aprendizaxe, ao non ser necesaria unha labor de adaptación a puntos de partida moi diversos; serán as circunstancias concretas de casos individuais as que haxa que atender, non as de grupos determinados pola procedencia social ou cultural (neste sentido, tamén podemos indicar a presenza de alumnado estranxeiro).

Polo que se refire ao Bacharelato, a recepción dunha importante cantidade de alumnado procedente do concello de Vilaboa non se traduce en ningunha tensión no que se refire á convivencia, producíndose unha integración rápida que case poderíamos cualificar de “natural”; hai que ter en conta que se trata de un concello que podemos cualificar de periurbano, debido á súa estrutura demográfica e económica.

Á hora de analizar a procedencia do alumnado debemos tamén facer referencia aos Colexios nos que realizaron os seus estudos anteriores. De feito, débese deixar constancia aquí de que, ademáis do alumnado matriculado en primaria nos Centros adscritos ao noso IES (isto é, os de Cabanas-Salcedo, San Martiño e A Carballeira) nos últimos anos estase a producir un incremento de solicitudes de matrícula de alumnos procedentes doutros Centros da capital ou de municipios colindantes, incremento debido a factores como a proximidade do Centro ao domicilio familiar, a imaxe positiva do Centro (convivencia, resultados...) ou mesmo o horario continuado, que deixa as tardes libres para outras actividades formativas ou de lecer.

Nos últimos cursos estase a facer, por parte da dirección, unha labor dirixida a atraer a alumnos procedentes do Colexio de Campolongo. Trátase de alumnado que vive cerca do noso centro pero que por adscripción lles corresponde cursar o Bacharelato no IES Sanchez Cantón.

## **2. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DIDÁCTICO DE ECONOMÍA**

O Departamento Didáctico de Economía é un Departamento unipersoal, composto pola xefa de Departamento, cargo que neste momento, desempeña María Mercedes Suárez Albares, e que imparte catro das cinco materias correspondentes ao mesmo: Economía en 4º ESO, Economía en 1º de Bacharelato e Economía da Empresa e Fundamentos de Administración e Xestión en 2º de Bacharelato.

### **3. MATERIAS QUE IMPARTE E MATERIAS ASIGNADAS AO DEPARTAMENTO DIDÁCTICO DE ECONOMÍA**

O Departamento Didáctico de Economía ten asignadas as seguintes materias:

ECONOMÍA, en 4º ESO (Un grupo).

ECONOMIA, en primeiro de bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais (dous grupos).

ECONOMÍA DA EMPRESA, en segundo de bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais (un grupo).

FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN, en segundo de bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais e no bacharelato Tecnolóxico (un grupo)

### **4. OBXECTIVOS**

#### **4.1. OBXECTIVOS ECONOMÍA 4º ESO**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona

Destes obxetivos establecidos con carácter xeral para o ensino secundario obrigatorio polo Decreto, a materia de Economía desenvolverá os seguintes:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os derei-

tos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.



o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 4.2. OBXECTIVOS BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b. Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser que de prever a resolver pacificamente o conflitos persoais, familiares e sociais.
- c. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e. Dominar tanto na súa expresión oral coma na escrita a lingua galega e a lingua castelá.
- f. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento da mellora do seu contorno social.
- i. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, coma fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o. Afianzar actitudes de repeto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p. Valorar, respetar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuir á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

#### 4.2.1. OBXECTIVOS ECONOMÍA 1º BACHARELATO

Destes obxetivos establecidos con carácter xeral para o Bacharelato polo Decreto, a materia de Economía desenvolverá os seguintes:

1. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
2. Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser que de prever a resolver pacificamente o conflitos persoais, familiares e sociais
3. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar críticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
4. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias par o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
5. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
6. Coñecer e valorar críticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento da mellora do seu contorno social.
7. Acceder aso coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
8. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
9. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
10. Valorar, respetar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuir á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

#### **4.2.2. OBXECTIVOS ECONOMÍA DA EMPRESA 2º BACHARELATO**

1. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
2. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
3. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias par o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
4. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
5. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento da mellora do seu contorno social.
6. Acceder aso coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
7. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
8. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
9. Valorar, respetar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuir á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### 4.2.3. OBXECTIVOS FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN 2º BACHARELATO

1. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
2. Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser que de prever a resolver pacificamente o conflitos persoais, familiares e sociais.
3. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar críticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
4. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
5. Dominar tanto na súa expresión oral coma na escrita a lingua galega e a lingua castelá.
6. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
7. Coñecer e valorar críticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento da mellora do seu contorno social.
8. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
9. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
10. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
11. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, coma fontes de formación e enriquecemento cultural.
12. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
13. Valorar, respetar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuir á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

### 5.1. ECONOMÍA 4º ESO

Bloque 1 Ideas económicas básicas			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade B1.2. Principios na toma de decisións económicas. B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade	B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas	ECB1.1.1 - Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	CCL, CSC
		ECB1.1.2 - Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	CAA, CD
B1.4. O método na economía: modelos económicos. B1.5. Fronteira de posibilidades de produción	B1.2. Identificar a terminoloxía económica e o uso dos modelos económicos e familiarizarse con eles.	ECB1.2.1 - Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	CCL
		ECB1.2.2 - Diferencia entre economía positiva e economía normativa.	CAA, CSC
		ECB1.2.3 - Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	CD, CMCCT
B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación	B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades.	ECB1.3.1 - Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	CMCCT, CSC
		ECB1.3.2 - Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	CMCCT, CSC

Bloque 2 Economía e Empresa			
Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B2.1. A empresa e o/a empresario. B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. B2.3. Clases de empresas. B2.4. Formas xurídicas da empresa	B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.	ECB2.1.1 - Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.	CMCCT, CSIEE
		ECB2.1.2 - Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	CAA, CD
		ECB2.1.3 - Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	CSIEE, CSC
B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos. B2.6. Sectores da actividade económica	B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo.	ECB2.2.1 - Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	CMCCT, CSC
		ECB2.2.2 - Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	CD, CSC
B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.	B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.	ECB2.3.1 - Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	CCL, CD, CMCCT
B2.8. Ingresos e custas da empresa: Clasificación B2.9. Resultados da empresa	B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.	ECB2.4.1 - Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	CD, CMCCT
B2.10. Obrigas fiscais das empresas	B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais	ECB2.5.1 - Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	CD, CMCCT
		ECB2.5.2 - Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas	CSC

Bloque 3 Economía persoal			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades	B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos e controlar o seu grado de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	ECB3.1.1 - Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento	CAA, CD, CMCCT
		ECB3.1.2 - Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.	CAA, CD, CMCCT
		ECB3.1.3 - Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	CAA, CD, CMCCT
B3.3. Planificación económico-financieira: necesidades económicas nas etapas da vida.	B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.	ECB3.2.1 - Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional	CAA, CSIEE
B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. B3.5. Risco e diversificación.	B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	ECB3.3.1 - Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	CAA, CSC
		ECB3.3.2 - Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	CAA, CSC
B3.6. O diñeiro. B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación. B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro	B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	ECB3.4.1 - Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	CCL, CMCCT
		ECB3.4.2 - Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	CCL, CD, CMCCT
		ECB3.4.3 - Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas	CAA, CD
		ECB3.4.4 - Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	CCL, CD, CMCCT
B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	ECB3.5.1 - Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	CAA, CCL, CMCCT

<b>Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado</b>			
<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado	B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	ECB4.1.1 - Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións	CMCCT, CSC
		ECB4.1.2 - Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	CD, CMCCT
		ECB4.1.3 - Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	CMCCT, CSC
		ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	CCL, CSC
B4.2. A débeda pública e o déficit público.	B4.2. Diferenciar e explicar o conceptos de débeda pública e déficit público.	ECB4.2.1 - Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	CCL, CMCCT
B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda.	B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	ECB4.3.1 - Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	CCL, CMCCT, CSC
		ECB4.3.2 - Interpreta gráficos representativos da distribución da renda	CAA, CD, CMCCT



<b>Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego</b>			
<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
B5.1. Tipos de xuro. B5.2. Inflación. B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación. B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias.	B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	ECB5.1.1 - Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL, CSC
		ECB5.1.2 - Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	CCL, CMCCT, CSC
		ECB5.1.3 - Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	CD, CMCCT
B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. B5.6. Perspectivas da ocupación.	B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.	ECB5.2.1 - Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL, CMCCT, CSC
		ECB5.2.2 - Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego	CD, CSC
		ECB5.2.3 - Investiga e reconece vieiros e tendencias de emprego	CAA, CD

<b>Bloque 6. O contexto internacional da Economía</b>			
<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
B6.1. Globalización económica. B6.2. Comercio internacional. B6.3. Integración económica e monetaria europea. B.6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade.	B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente	ECB6.1.1 - Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos	CAA, CSC
		ECB6.1.2 - Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	CCL, CSC
		ECB6.1.3 - Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.	CAA, CD
		ECB6.1.4 - Reconece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	CCL, CD, CSC
		ECB6.1.5 - Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	CAA, CSC

## 5.2. ECONOMÍA 1º BACHARELATO

Bloque 1			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B1.1. Escaseza, elección e asignación de recursos	B1.1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas	ECB1.1.1 Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todos sistema económico	CAA, CMCCT
B1.2. Mecanismos de asignación de recursos. B1.3. Análise e comparación dos sistemas económicos	B1.2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos	ECB1.2.1 Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos	CSC, CMCCTT, CD
		ECB1.2.2 Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise	
		ECB1.2.3 Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional	
B1.4 . Economía como ciencia: actividade económica e sociedade B1.5. Principios na toma de decisións económicas. B1.6. Modelos económicos. Economía positiva e normativa. B1.7. Información económica: Interpretación de datos e gráficos.	B1.3. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos.	ECB1.3.1. Distingue as proposición económicas positivas das proposicións económicas normativas.	CAA, CMCCT
		ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos	CCL, CMCCT, CD

<b>Bloque 2. A actividade produtiva</b>			
<b>Contidos</b>	<b>Critérios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
B2.1. Proceso produtivo e factores de produción	B2.1. Analizar as características principais do proceso produtivo	ECB2.1.1 Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia	CAA, CCL, CSC
B2.2. División técnica do traballo, produtividade e interdependencia	B2.2. Explicar as razón do proceso de división técnica do traballo	ECB2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global	CSC, CMCCT
		ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos e describe as relación entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía	CMCCT, CCL
B2.3 . Globalización: Cambios no sistema produtivo ou na organización da produción	B2. 3. Identificar o efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas	ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional	CSIEE, CCL
B2. 4. Empresa: obxectivos e funcións	B.2.4. Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade	ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas.	CSIEE, CAA
		ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas	CD, CCL
B2.5. Eficacia, eficiencia e efectividade B2.6. Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica	B2.5. Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica	ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e a económica a partir dos casos formulados	CD, CMCCT
B2.7. Custos de produción. Cálculo e análise dos custos de produción e dos beneficios	B2.7. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos	ECB2.6.1 Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos	CMCCT
		ECB2.6.2. Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período	CMCCT, CD
B2.8. Función de produción	B2.7. Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha empresa a partir dun caso dado	ECB2.7.1. Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados	CMCCT, CD

### Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B3.1. Curva de demanda. Movements ao longo da curva de demanda e desprazamentos da curva de demanda. Elasticidade da demanda B3.1.2. Curva de oferta. Movements ao longo da curva de oferta e desprazamentos na curva de oferta. Elasticidade da oferta B.3.3. Equilibrio do mercado	B3.1. Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables	ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados	CD, CMCCT
		ECB3.1.2. Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda	CMCCT, CCL
		ECB3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais	CMCTT, CD
B3.4 . Estructuras de mercado e modelos de competencia. B3.5. Competencia perfecta. Competencia imperfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística.	B3.2. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresas ou os estados.	ECB3.2.1. Analiza e compra o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas.	CAA, CSC
		ECB3.2.2. Aplica a análise dos tipos de mercado a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato	
		ECB3.2.3. Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervinientes nos diversos mercados	CSC

Bloque 4. A macroeconomía			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B4.1. Macromagnitudes: produción renda, gasto B4.2. Equilibrio macroeconómico: demanda e oferta agregadas. B4.3. Inflación e tipos de xuro. B4.4. Os vínculos dos problemas macroeconómicos e a súa interrelación	B4.1. Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar con elas e analizar as súas interrelacións, valorando os inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da calidade de vida	ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país	CD, CSC, CCL CMCCT
		ECB4.1.2. Relaciona as principais macromagnitudes e utilízalas para establecer comparación con carácter global	
		ECB4.1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida	
B4.5. Indicadores do desenvolvemento da sociedade; as macromagnitudes e as súas limitacións	B4.2. Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución	ECB4.2.1. Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo	CMCCT, CD
		ECB4.2.2. Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e reconece os métodos de estudo utilizados por economistas	CAA, CD
		ECB4.2.3. Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, análizas e interpretaas, e presenta as súas valoracións de carácter persoal	CD, CMCCT
B4.6. Mercado de traballo. Desemprego: tipos e causas	B4.4. Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a formación analizando de xeito especial o desemprego	ECB4.3.1. Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo.	CAA, CSC
		ECB4.3.2. Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios	
		ECB4.3.3. Investiga e reconece vieiros de ocupación e tendencias de emprego	CAA, CD
B4.7. Políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.	B4.4. Estudar as opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte á inflación e ao desemprego	ECB4.4.1. Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación	CD, CSIEE

<b>Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía</b>			
<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
B5.1. O diñeiro na economía: tipoloxía e funcionamento. B5.2. Proceso de creación do diñeiro	B5.1. Recoñecer o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes se miden	ECB5.1.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía	CD, CSC, CCL CMCCT
B5.3. Teorías explicativas da inflación	B5.2. Describir as teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os/as consumidoras, as empresas e o conxunto da economía	ECB5.2.1. Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais	CD, CSC
2º	FAX	FAXB1.3.5. Traballa en equipo mantendo unha comunicación fluída cos seus compañeiros e coas súas compañeiras para o desenvolvemento do proxecto de empresa
2º	FAX	FAXB2.1.1. Recoñece os obxectivos e os fins da empresa, e relaciónaos coa súa organización.
2º	FAX	FAXB2.1.2. Reflexiona sobre o papel da responsabilidade social corporativa, e valora a existencia dunha ética dos negocios

2º	FAX	FAXB2.1.4. Interpreta a información que proporciona o organigrama dunha empresa e a importancia da descrición de tarefas e funcións para cada posto de traballo
2º	FAX	FAXB2.1.5. Realiza unha previsión dos recursos necesarios para o desenvolvemento do proxecto de empresa.
2º	FAX	FAXB3.1.1. Identifica os diferentes trámites legais necesarios para a posta en marcha dun negocio e reconece os organismos ante os cales han de presentarse os trámites
2º	FAX	FAXB4.3.1. Identifica e aplica técnicas de negociación e comunicación.
2º	FAX	FAXB4.3.2. Recoñece as etapas nun proceso de negociación de condicións de aprovisionamento.
2º	FAX	FAXB5.1.1. Analiza o proceso de comercialización dos produtos ou servizos da empresa
2º	FAX	FAXB5.2.1. Reflexiona sobre as estratexias de prezos tendo en conta as características do produto ou do servizo, e argumenta sobre a decisión do establecemento do prezo de venda.
2º	FAX	FAXB5.3.2. Valora e explica as canles de distribución e venda que pode utilizar a empresa.
2º	FAX	FAXB6.1.1. Avalía as necesidades da empresa, e analiza e describe os postos de traballo
2º	FAX	FAXB6.1.2. Identifica as fontes de recrutamento, así como as fases do proceso de selección de persoal.
2º	FAX	FAXB6.2.3. Recoñece as obrigas administrativas do/da empresario/a ante a Seguridade Social.
2º	FAX	FAXB7.1.2. Analiza e representa os principais feitos contables da empresa
2º	FAX	FAXB7.1.4. Analiza e asigna os gastos e os ingresos ao exercicio económico ao que correspondan, con independencia das súas datas de pagamento ou cobramento.
2º	FAX	FAXB8.1.1. Elabora un plan de investimentos da empresa, que inclúa o activo non corrente e o corrente.
2º	FAX	FAXB8.1.3. Recoñece as necesidades de financiamento da empresa
2º	FAX	FAXB8.2.1. Determina e explica a viabilidade da empresa, tanto a nivel económico e financeiro como a nivel comercial e ambiental

2º	FAX	FAXB8.2.2. Aplica métodos de selección de investimentos e analiza os investimentos necesarios para a posta en marcha.
2º	FAX	FAXB8.3.4. Valora a importancia, no mundo empresarial, de responder en prazo aos compromisos de pagamento adquiridos
2º	FAX	FAXB9.1.1. Utiliza habilidades comunicativas e técnicas para atraer a atención na exposición pública do proxecto de empresa
<b>PERFIL COMPETENCIAL</b>		
Competencia Clave:		Sociais e cívicas
Nivel	Área	Estándares
2º	FAX	FAXB1.1.1. Identifica os aspectos da innovación empresarial e explica a súa relevancia no desenvolvemento económico e na creación de emprego.
2º	FAX	FAXB1.3.1. Explica desde diferentes perspectivas a figura do/da emprendedor/a de negocios.
2º	FAX	FAXB1.3.2. Avalía as repercusións que supón elixir unha idea de negocio.
2º	FAX	FAXB2.1.2. Reflexiona sobre o papel da responsabilidade social corporativa, e valora a existencia dunha ética dos negocios
2º	FAX	FAXB2.1.3. Proporciona argumentos que xustifican a elección da forma xurídica e da localización da empresa.
2º	FAX	FAXB3.1.1. Identifica os diferentes trámites legais necesarios para a posta en marcha dun negocio e reconece os organismos ante os cales han de presentarse os trámites
2º	FAX	FAXB3.2.2. Valora a necesidade do cumprimento dos prazos legais para efectuar os trámites de creación dun negocio
2º	FAX	FAXB5.1.3. Aplica procesos de comunicación e habilidades sociais en situacións de atención á clientela e operacións comerciais
2º	FAX	FAXB6.2.3. Reconece as obrigas administrativas do/da empresario/a ante a Seguridade Social.
2º	FAX	FAXB7.1.6. Analiza as obrigas contables e fiscais, e a documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos

2º	FAX	FAXB8.2.1. Determina e explica a viabilidade da empresa, tanto a nivel económico e financeiro como a nivel comercial e ambiental
2º	FAX	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FAXB8.3.2. Comprende o papel dos intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual.</li> </ul>
2º	FAX	FAXB8.3.3. Distingue o papel dos intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual.
2º	FAX	FAXB8.3.4. Valora a importancia, no mundo empresarial, de responder en prazo aos compromisos de pagamento adquiridos
2º	FAX	FAXB9.1.1. Utiliza habilidades comunicativas e técnicas para atraer a atención na exposición pública do proxecto de empresa

## **9. MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS**

### **Libros de texto**

**4º ESO:** Economía. Ed. SM.

**1º BACHARELATO:** Economía. F. J González Álvarez. Ed. Anaya.

**2º BACHARELATO (ECONOMÍA DA EMPRESA):** Non se utilizará libro de texto.

**2º BACHARELATO (FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN):**

Non se utilizará libro de texto

### **Outros materiais**

#### **Materiais proporcionados polo profesor**

Apuntamentos e resumos

Boletíns de exercicios e vocabulario

Páxinas Web, Vídeos e Blogs de economía

#### **Web del alumnado:**

Con recursos xerais (Glosario), recursos para cada unidade (contidos de repaso, actividades, proxectos de traballo, vídeos, presentacións, autoavaliacións, comentarios de textos económicos e resúmenes).

#### **Suplementos de prensa:**

Mercados, suplemento dominical de A Voz de Galicia.

Negocios, suplemento dominical de O País

Expansión.

---

## 10. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### 10.1. CONVOCATORIA ORDINARIA

#### 10.1.1. ECONOMÍA 4º ESO

Para a avaliación dos estándares de aprendizaxe compre a utilización de procedementos e instrumentos de avaliación diversos. Nos procedementos de avaliación recollemos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo. Os instrumentos de avaliación constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes.

Os estándares da materia serán cualificados mediante os seguintes instrumentos de avaliación:

PROCEDIMENTOS	INSTRUMENTOS	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
Análise das producións dos alumnos	-Resolución de exercicios e problemas. -Traballos de aplicación e síntese.	20%
Probas específicas	-Proba obxectiva. -Exposición dun tema.	80%

#### Análise da produción dos alumnos:

- **Resolución de exercicios e problemas:** Terase en conta o seu método de traballo, o esforzo amosado na realización das mesmas, a realización e corrección dos exercicios e as técnicas de traballo desenvolvidas. Valoración de 0 a 10 coa ponderación que se indica nos criterios de cualificación. Cando o profesor comprobe que os exercicios/problemas foron copiados, obterá a cualificación de 0 nos mesmos.
- **Traballos de aplicación e síntese:** En ningún caso se terán en conta os traballos entregados despois da data fixada para a súa entrega. Na valoración terase en conta, o esforzo na busca de información, a expresión escrita, a capacidade de razoamento e a presentación, o seu axuste ás normas establecidas para a elaboración de cada traballo (o profesor facilitará un guión), e a súa creatividade. Valóranse de 0 a 10, coa correspondente ponderación que se indica nos criterios de cualificación. Cando o profesor comprobe que os traballos foron copiados, obterá a cualificación de 0 nos mesmos.



## Probas específicas:

- **Probas obxectivas:** Realizaranse dúas probas escritas por avaliación. A proba ou probas consisten nunha serie de cuestións axeitadas ao contido impartido en cada trimestre. En cada proba avaliarase a expresión, presentación, capacidade de síntese e a adecuación das respostas á pregunta. A proba será valorada de 0 a 10, coa ponderación que se indica nos criterios de cualificación.

Nas preguntas curtas valorarase especialmente a precisión e concisión na resposta. Nos casos en que se pida xustificar a resposta ou ilustrala cun exemplo, así coma naqueles nos que se pida enumerar varios elementos, a puntuación graduarase dependendo de que a resposta estea completa ou non.

Nas preguntas a desenvolver, ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ao que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

No relativo ás preguntas prácticas (problemas), cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que, se está ben formulado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos equivocados que foran realizados en apartados anteriores.

Dado o elemental das operacións matemáticas precisas para solucionar os problemas prantexados no caso de que o prantexamento sexa correcto pero se comentan erros no cálculo descontarase a metade do valor da pregunta.

As probas obxectivas incluírán toda a materia dada dende o comezo da avaliación ata o momento do exame. A segunda proba de cada avaliación valerá o dobre.

Na primeira e na segunda avaliación a proba obxectiva suporá o 80% da nota. Na terceira avaliación será o 65% (o 15% restante corresponde á exposición dun tema que os alumnos realizarán nesta avaliación).

- **Exposición dun tema:** Na valoración terase en conta, o esforzo na busca de información, a capacidade de razoamento e a claridade na exposición, o seu axuste ás normas establecidas para a elaboración de cada traballo (o profesor facilitará un guión), e a súa creatividade. Valoraranse de 0 a 10. Coa correspondente ponderación.

Para superar unha avaliación, a cualificación numérica da mesma debe ser de cinco ou máis puntos sobre dez.

No cálculo da nota final todas as avaliacións terán o mesmo peso. A cualificación de aprobado obterase sempre que a media das tres avaliacións sexa alo menos igual a 5.

Esta nota final será redondeada á súa parte enteira por exceso ou defecto segundo a progresión observada polo alumno ao longo do curso.

As reiteradas e inustificadas faltas de asistencia a clase serán tidas en conta negativamente á hora de facer o redondeo da nota de cada avaliación e da nota final do curso.

No caso de non acadar de media un 5 ao rematar o curso e, tendo polo menos unha avaliación aprobada, o alumno poderá facer un exame de recuperación final. Se neste exame, non acadase unha puntuación igual ou superior a cinco, terá que recuperar a materia na convocatoria extraordinaria de setembro.

Os traballos de aplicación e síntese, os boletíns de exercicios e problemas e os resúmenes teñen os seguintes obxectivos didácticos:

1. Exercitar a escritura orixinal e a elaboración propia sobre os temas estudados
2. Traballar a comprensión de textos, a capacidade de síntese, a argumentación e a análise.
3. Orientar a mirada cara os conceptos, ideas e datos de especial importancia.
4. Coidar a expresión narrativa e a ortografía.
5. Favorecer a avaliación continua, cun traballo que require vontade, constancia, atención e programación do tempo.

O obxectivo final destes traballos é que o alumno aborde de xeito persoal as preguntas, de modo que estas sirvan de pretexto para mostrarlle o nivel de coñecementos que foi adquirindo e para que se faga as reflexións persoais oportunas. A máxima cualificación conseguirase cunha redacción:

- Que se corresponda coa pregunta e sexa concisa, persoal, traballada, coas ideas ben expresadas.
- Que revele unha lectura atenta, minuciosa e selectiva.
- Que sexa unha exposición ordenada e breve, que seleccione o máis relevante para destacalo do superfluo.
- Que sexa capaz de articular ideas complexas segundo unha liña argumental, recortando e definindo os feitos e datos que analiza.

### 10.1.2. ECONOMÍA 1º BACHARELATO

Os estándares da materia serán cualificados mediante os seguintes instrumentos de avaliación:

PROCEDIMENTOS	INSTRUMENTOS	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
Análise das producións dos alumnos	-Resolución de exercicios e problemas. -Traballos de aplicación e síntese.	15%
Probas específicas	-Proba obxectiva. -Exposición dun tema.	85%

### **Análise da produción dos alumnos:**

- **Resolución de exercicios e problemas:** Terase en conta o seu método de traballo, o esforzo amosado na realización das mesmas, a realización e corrección dos exercicios e as técnicas de traballo desenvolvidas, a información quedará reflectida no caderno da profesora. Valoración de 0 a 10, coa ponderación que se indica nos criterios de cualificación. Cando o profesor comprobe que os exercicios/problemas foron copiados, o alumno obterá a cualificación de 0 nos mesmos.
- **Traballos de aplicación e síntese:** En ningún caso se terán en conta os traballos entregados despois da data fixada para a súa entrega. Na valoración terase en conta, o esforzo na busca de información, a expresión escrita, a capacidade de razoamento e a presentación, o seu axuste ás normas establecidas para a elaboración de cada traballo (o profesor facilitará un guión ), e a súa creatividade. Valoraranse de 0 a 10 coa ponderación que se indica nos criterios de cualificación. Cando o profesor comprobe que o traballo foi copiado, o alumno obterá a cualificación de 0 no mesmo.

### **Probos específicas:**

- **Probos obxectivos:** Realizaranse dúas probas escritas na primeira e na segunda avaliación y unha na terceira. As probas consisten nunha serie de cuestións axeitadas ao contido impartido en cada trimestre. En cada proba avaliarase a expresión, presentación, capacidade de síntese e a adecuación das respostas á pregunta. A proba será valorada de 0 a 10, coa ponderación que se indica nos criterios de cualificación.

Nas preguntas curtas valorarase especialmente a precisión e concisión na resposta. Nos casos en que se pida xustificar a resposta ou ilustrala cun exemplo, así coma naqueles nos que se pida enumerar varios elementos, a puntuación graduarase dependendo de que a resposta estea completa ou non.

Nas preguntas a desenvolver, ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ao que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

No relativo ás preguntas prácticas (problemas), na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado puntual, senón tamén a corrección (coherencia) da formulación. Ademais, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que, se está ben formulado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos equivocados que foran realizados en apartados anteriores.

Dado o elemental das operacións matemáticas precisas para solucionar os problemas prantexados no caso de que o prantexamento sexa correcto pero se comentan erros no cálculo obterase unha cualificación de 0 na mesma.

Os exames escritos incluírán toda a materia dada dende o comezo da avaliación ata o momento do exame. O segundo exame de cada avaliación valerá o dobre.

Nas dúas primeiras avaliacións as probas obxectivas suporán un 85% da nota final. Na terceira avaliación esta porcentaxe será o 65% (o 20% restante corresponde á exposición dun tema que se fará nesta avaliación)

- **Exposición dun tema:** Na valoración terase en conta, o esforzo na busca de información, a capacidade de razoamento e a claridade na exposición, o seu axuste ás normas establecidas para a elaboración de cada traballo (o profesor facilitará un guión), e a súa creatividade. Valoraranse de 0 a 10. A exposición realizaranse na terceira avaliación e suporá o 20% da nota da avaliación.

Para superar unha avaliación, a cualificación numérica da mesma debe ser de cinco ou máis puntos sobre dez.

No cálculo da nota final todas as avaliacións terán o mesmo peso. A cualificación de aprobado obterase sempre que a media das tres avaliacións sexa alo menos igual a 5.

Esta nota final será redondeada á súa parte enteira por exceso ou defecto segundo a progresión observada polo alumno ao longo do curso.

As reiteradas e inxustificadas faltas de asistencia a clase serán tidas en conta negativamente á hora de facer o redondeo da nota de cada avaliación e da nota final do curso.

No caso de non acadar de media un 5 ao rematar o curso e, tendo polo menos unha avaliación aprobada, o alumno poderá facer un exame de recuperación final. Se neste exame, non acadase unha puntuación igual ou superior a cinco, terá que recuperar a materia na convocatoria extraordinaria de setembro.

Os traballos de aplicación e síntese, os boletíns de exercicios e problemas e os resumos teñen os seguintes obxectivos didácticos:

- a. Exercitar a escritura orixinal e a elaboración propia sobre os temas estudados
- b. Traballar a comprensión de textos, a capacidade de síntese, a argumentación e a análise.
- c. Orientar a mirada cara os conceptos, ideas e datos de especial importancia.
- d. Coidar a expresión narrativa e a ortografía.
- e. Favorecer a avaliación continua, cun traballo que require vontade, constancia, atención e programación do tempo.

O obxectivo final destes traballos é que o alumno aborde de xeito persoal as preguntas, de modo que estas sirvan de pretexto para mostrarlle o nivel de coñecementos que foi adquirindo e para que se faga as reflexións persoais oportunas. A máxima cualificación conseguirase cunha redacción:

- Que se corresponda coa pregunta e sexa concisa, persoal, traballada, coas ideas ben expresadas.
- Que revele unha lectura atenta, minuciosa e selectiva.
- Que sexa unha exposición ordenada e breve, que seleccione o máis relevante para destacalo do superfluo.

- Que sexa capaz de articular ideas complexas segundo unha liña argumental, recorrendo e definindo os feitos e datos que analiza.

### 10.1.3. ECONOMÍA DA EMPRESA

Os estándares da materia serán cualificados mediante os seguintes instrumentos de avaliación:

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
Análise das producións dos alumnos	Resolución de exercicios e problemas.	15%
Probas específicas	Proba obxectiva.	85%

#### Análise da produción dos alumnos:

- **Resolución de exercicios e problemas:** Terase en conta o seu método de traballo, o esforzo amosado na realización das mesmas, a realización e corrección dos exercicios e as técnicas de traballo desenvolvidas, a información quedará reflectida no caderno da profesora. Valoración de 0 a 10, coa ponderación que se indica nos criterios de cualificación. Cando o profesor comprobe que os exercicios/problemas foron copiados, o alumno obterá a cualificación de 0 nos mesmos. En ningún caso se terán en contan os exercicios e problemas entregados despois da data fixada polo profesor.

#### Probas específicas:

- **Probas obxectivas:** Realizaranse dúas probas escritas na primeira e segunda avaliación e tres na terceira. En cada proba avaliarase a expresión, presentación, capacidade de síntese e a adecuación das respostas ás preguntas. A proba será valorada de 0 a 10, coa ponderación que se indica nos criterios de cualificación.

O contido das probas será o seguinte:

**1ª avaliación:** Realizaranse dous exames escritos que incluírán toda a materia dada dende o comezo do curso ata o momento do exame. O segundo exame valerá o dobre que o primeiro.

**2ª avaliación:** Realizaranse dous exames escritos que terán o mesmo peso.

Primeiro exame: Incluírá a parte teórica da primeira avaliación e a materia dada ata ese momento na segunda avaliación.

Segundo exame: Incluírá a parte práctica da primeira avaliación máis toda a materia da segunda avaliación.

**3ª avaliación:** Realizaranse tres exames que terán o mesmo peso.

Primeiro exame: Materia da primeira avaliación e a materia dada ata ese momento na segunda avaliación.

Segundo exame: Materia da segunda avaliación e a materia dada ata ese momento na segunda avaliación.

Terceiro exame: Toda a materia impartida durante a terceira avaliación.

Nas preguntas curtas valorarase especialmente a precisión e concisión na resposta. Nos casos en que se pida xustificar a resposta ou ilustrala cun exemplo, así coma naqueles nos que se pida enumerar varios elementos, a puntuación graduarase dependendo de que a resposta estea completa ou non.

Nas preguntas a desenvolver, ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ao que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

No relativo ás preguntas prácticas (problemas), na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado puntual, senón tamén a corrección (coherencia) da formulación. Ademais, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que, se está ben formulado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos equivocados que foran realizados en apartados anteriores.

Dado o elemental das operacións matemáticas precisas para solucionar os problemas prantexados no caso de que o prantexamento sexa correcto pero se comentan erros no cálculo obterase unha cualificación de 0 na mesma.

No caso de que na solución aos problemas non se indique o tipo de unidades no que ven dado o resultado, ou este sexa erróneo, descontarase o 25% da pregunta.

Para superar unha avaliación, a cualificación numérica da mesma debe ser de cinco ou máis puntos sobre dez.

A nota final da materia obterase de acordo coa seguinte fórmula:

$$\frac{\text{Nota 1ª avaliación} + 2 \cdot \text{nota 2ª avaliación} + 3 \cdot \text{nota 3ª avaliación}}{6}$$

Esta nota final será redondeada á súa parte enteira por exceso ou defecto segundo a progresión observada polo alumno ao longo do curso.

No caso de que esta nota final fora inferior a 5, pero o alumno aprobara a terceira avaliación, a súa nota final sería un cinco.

Se a nota final é inferior a 5, e o alumno non aproba a terceira avaliación, este terá que presentarse á convocatoria extraordinaria para poder aprobar.

As reiteradas e inxustificadas faltas de asistencia a clase serán tidas en conta negativamente á hora de facer o redondeo da nota de cada avaliación e da nota final do curso.

Os boletíns de exercicios e problemas teñen os seguintes obxectivos didácticos:

- a. Exercitar a escritura orixinal e a elaboración propia sobre os temas estudados
- b. Traballar a comprensión de textos, a capacidade de síntese, a argumentación e a análise.
- c. Orientar a mirada cara os conceptos, ideas e datos de especial importancia.
- d. Coidar a expresión narrativa e a ortografía.
- e. Favorecer a avaliación continua, cun traballo que require vontade, constancia, atención e programación do tempo.

O obxectivo final destes traballos é que o alumno aborde de xeito persoal as preguntas, de modo que estas sirvan de pretexto para mostrarlle o nivel de coñecementos que foi adquirindo e para que se faga as reflexións persoais oportunas. A máxima cualificación conseguirase cunha redacción:

- Que se corresponda coa pregunta e sexa concisa, persoal, traballada, coas ideas ben expresadas.
- Que revele unha lectura atenta, minuciosa e selectiva.
- Que sexa unha exposición ordenada e breve, que seleccione o máis relevante para destacalo do superfluo.
- Que sexa capaz de articular ideas complexas segundo unha liña argumental, recorrendo e definindo os feitos e datos que analiza.

#### **10.1.4. FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN**

Os estándares da materia serán cualificados mediante os seguintes instrumentos de avaliación:

<b>PROCEDEMENTOS</b>	<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>
Análise das producións dos alumnos	-Resolución de exercicios e problemas. -Producións orais.
Probas específicas	-Proba obxectiva. -Exposición dun tema.

### **Análise da produción dos alumnos:**

- **Resolución de exercicios e problemas:** Terase en conta o seu método de traballo, o esforzo amosado na realización das mesmas, a realización e corrección dos exercicios e as técnicas de traballo desenvolvidas, a información quedará reflecida no caderno da profesora. Valoración de 0 a 10. Cando o profesor comprobe que os exercicios/problemas foron copiados, o alumno obterá a cualificación de 0 nos mesmos. A ponderación deste apartado será dun 45%.
- **Producións orais:** Terase en conta o esforzo realizado na busca de información, a calidade do exposto na intervención e a súa adecuación cos temas tratados. Tamén se valorará a capacidade de razoamento e a claridade na exposición. Valoración de 0 a 10. A ponderación deste apartado será dun 10%.

### **Probas específicas:**

- **Exposición dun tema:** Na valoración terase en conta, o esforzo na busca de información, a capacidade de razoamento e a claridade na exposición, o seu axuste ás normas establecidas para a elaboración de cada traballo (o profesor facilitará un guión), e a súa creatividade. Valoraranse de 0 a 10. A ponderación deste apartado será dun 45%.
- **Probas obxectivas:** No caso de que o alumno no acade o aprobado terá a posibilidade de presentarse a unha proba escrita que se realizará ao final de cada avaliación. As probas consisten nunha serie de cuestións axeitadas ao contido impartido en cada trimestre. En cada proba avaliarase a expresión, presentación, capacidade de síntese e a adecuación das respostas á pregunta. A proba será valorada de 0 a 10,

Os alumnos que se teñan que presentar a proba escrita terán que acadar un 5 sobre 10 na mesma para obter a cualificación de 5 na correspondente avaliación.

Nas preguntas curtas valorarase especialmente a precisión e concisión na resposta. Nos casos en que se pida xustificar a resposta ou ilustrala cun exemplo, así coma naqueles nos que se pida enumerar varios elementos, a puntuación graduarase dependendo de que a resposta estea completa ou non.

Nas preguntas a desenvolver, ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ao que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

No relativo ás preguntas prácticas (problemas), na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado puntual, senón tamén a corrección (coherencia) da formulación. Ademais, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que, se está ben formulado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos equivocados que foran realizados en apartados anteriores.



Dado o elemental das operacións matemáticas precisas para solucionar os problemas prantexados no caso de que o prantexamento sexa correcto pero se comentan erros no cálculo descontarase a metade do valor da pregunta.

As producións orais e os boletíns de exercicios e problemas teñen os seguintes obxectivos didácticos:

11. Fomentar a elaboración propia sobre os temas estudados
12. Traballar a comprensión de textos, a capacidade de síntese, a argumentación e a análise.
13. Orientar a mirada cara os conceptos, ideas e datos de especial importancia.
14. Coidar a expresión narrativa e a ortografía.
15. Desenrolar a capacidade de expresión oral.
16. Favorecer a avaliación continua, cun traballo que require vontade, constancia, atención e programación do tempo.

O obxectivo final destes traballos é que o alumno aborde de xeito persoal as preguntas, de modo que estas sirvan de pretexto para mostrarlle o nivel de coñecementos que foi adquirindo e para que se faga as reflexións persoais oportunas. A máxima cualificación conseguirase cunha redacción:

- Que se corresponda coa pregunta e sexa concisa, persoal, traballada, coas ideas ben expresadas.
- Que revele unha lectura atenta, minuciosa e selectiva.
- Que realice unha exposición ordenada e breve, que seleccione o máis relevante para destacalo do superfluo.
- Que sexa capaz de articular ideas complexas segundo unha liña argumental, recorrendo e definindo os feitos e datos que analiza.

Para superar unha avaliación, a cualificación numérica da mesma debe ser de cinco ou máis puntos sobre dez.

No cálculo da nota final todas as avaliacións terán o mesmo peso. A cualificación de aprobado obterase sempre que a media das tres avaliacións sexa alo menos igual a 5.

Esta nota final será redondeada á súa parte enteira por exceso ou defecto segundo a progresión observada polo alumno ao longo do curso.

As reiteradas e inxustificadas faltas de asistencia a clase serán tidas en conta negativamente á hora de facer o redondeo da nota de cada avaliación e da nota final do curso.

No caso de non acadar de media un 5 ao rematar o curso e, tendo polo menos unha avaliación aprobada, o alumno poderá facer un exame de recuperación final. Se neste exame, non acadase unha puntuación igual ou superior a cinco, terá que recuperar a materia na convocatoria extraordinaria de setembro.

## **10.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA**

A avaliación extraordinaria consistirá nunha proba obxectiva (exame) coa mesma estrutura que a da convocatoria ordinaria, que se veu celebrando perante todo o curso.

## 11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Para avaliar a práctica docente e a propia aplicación desta programación utilizaremos a seguinte táboa de avaliación:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		Si/non	PROPOSTAS DE MELLORA
<b>Preparación da clase e os materiais didácticos.</b>	Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.		
	Existe unha distribución temporal equilibrada.		
	Adecúase o desenvolvemento da clase coas características do grupo.		
<b>Utilización dunha metodoloxía adecuada.</b>	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas.		
	Considérase a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).		
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.		
	A metodoloxía inclúe o traballo de competencias e intelixencias múltiples.		
<b>Regularización da práctica docente.</b>	Grao de seguimento dos alumnos.		
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.		
<b>Avaliación das aprendizaxes e información que se lles dá aos alumnos e ás familias sobre elas.</b>	Os estándares de aprendizaxe avaliábel atópanse vinculados ás competencias, contidos e criterios de avaliación.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.		
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronselles a coñecer: - aos alumnos - ás familias		
<b>Utilización de medidas para a atención á diversidade.</b>	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplicanse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo os informes psicopedagóxicos.		

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

	TRATAMIENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO	MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCIÓN
DE COMUNICACIÓN	A comunicación docente-grupo non presenta grandes dificultades.	Non se necesitan medidas.	
	La comunicación docente-grupo ten algunhas dificultades.	Propoñer estratexias para mellorar a comunicación.	
	A comunicación docente-grupo ten grandes dificultades.	Averiguar a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen.	
DE INTERÉS Y MOTIVACIÓN	O grupo está motivado e ten gran interés.	Non se necesitan medidas.	
	Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese.	Propoñer estratexias que melloren o interese a motivación desa parte do alumnado.	
	O grupo non ten interés e está pouco motivado.	Averiguar a causa da desmotivación propoñer medidas que as minimicen.	
DE ACTITUD Y COLABORACIÓN	O grupo ten boa actitude y sempre está disposto a realizar as tarefas.	Non se necesitan medidas.	
	Parte do alumnado ten boa actitude y colabora.	Propoñer actividades grupais nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado.	
	O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas.	Averiguar as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc. para minimizar esas actitudes.	

## 13. RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Para superar a materia pendente, os estándares serán cualificados mediante os seguinte instrumentos de avaliación.

1. O alumno realizará uns boletíns de exercicios e actividades que o profesor lles proporcionará ao longo do curso. Nos meses de outubro e novembro terán que cumprir os correspondentes á primeira avaliación, no mes de febreiro os correspondentes á segunda avaliación e no mes de marzo os correspondentes á terceira avaliación. No caso de que a avaliación dos citados boletíns resulte positiva a materia darase por superada.
2. Nos meses de xaneiro e maio realizaranse dúas probas que permitirán ao alumno a superación da materia no caso en que non entregase os boletíns de exercicios e actividades mencionados no punto anterior.

Neste curso o departamento non ten alumnos coa materia pendente

## **14. DIRECTRICES, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

### **Finalidade da avaliación inicial**

- Coñecer e axustar as condicións de ensino-aprendizaxe de cada grupo, co fin de obter un rendemento adecuado.
- Esta avaliación non implica emitir cualificación para o alumnado.

### **Os obxectivos da avaliación inicial**

- Facer unha análise do nivel xeral do curso
- Ver os coñecementos previos necesarios para a aprendizaxe no novo nivel académico e na nova materia.

Esta avaliación farase dentro das dúas primeiras semanas de clase.

### **Procedementos da avaliación inicial**

- Verificación do grao de consolidación dos obxectivos académicos debido ao cambio de etapa e de materia non instrumental.
- Análise da motivación e da autonomía do alumnado, fixándose especialmente no método de traballo.
- Comprobación do grao de cumprimento das tarefas encomendadas na aula e na casa.
- Atención ás dificultades amosadas respecto ás capacidades comprensiva e expresiva de carácter xeral (habilidades básicas para a aprendizaxe de calquera materia).
- Constatación do clima de traballo e de relación no grupo. Asistencia a clase e grado de atención.

### **Instrumentos da avaliación inicial**

Distinguiranse dous tipos de instrumentos:

#### **As fontes de información de carácter institucional:**

- Historia escolar do alumno
- Información adicional ofrecida pola titoría

#### **As do propio departamento mediante:**

- Probas de nivel
- Traballo diario
- Exercicios encomendados
- Realización de actividades
- Capacidade comprensiva e expresiva xeral e específica, no contido da propia materia
- Comportamento e convivencia na aula

Da información obtida nesta avaliación inicial o Departamento adoptará as medidas e decisión oportunas con respecto ao grupo.

## **15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

O Departamento de Economía ten previstas as seguintes actividades extra escolares:

- Visita a Axencia Tributaria o día 7 de outubro cos alumnos de 4º ESO e 1º de Bacharelato.
- Visita a Inditex en colaboración co departamento de Tecnoloxía. A saída realizarase cos alumnos que cursan Fundamentos de Administración e Xestión.

## **16. TEMAS TRASVERSAIS**

Considéranse temas transversais: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional e polo tanto deben traballarse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Desde o departamento de Economía podemos, en concreto, apuntar as seguintes liñas de traballo:

- **Comprensión lectora:** Poñerase a disposición do alumnado unha selección de textos sobre os que se traballará a comprensión, cuxo desenvolvemento é crucial á hora de entender textos de tipo histórico, biografías, noticias, artigos de prensa, etc., así como enunciados de problemas de toda índole, facilitando deste xeito a mellora das estratexias de resolución de problemas.
- **Expresión oral e escrita:** Os debates na aula o traballo colaborativo e a exposición dos seus traballos son, situacións a través das cales o alumnado deberá ir consolidando as súas destrezas comunicativas. Terán que comprender e interpretar os datos que se proporcionan e expresar correctamente as conclusións ás que se chega tras o estudo das cuestións que lle son presentadas.
- **TIC:** De xeito habitual traballamos a busca e selección de información a través de Internet para cumprimentar información, realizar traballos, etc. Os alumnos deben ser capaces de realizar a busca de información a través das novas tecnoloxías para transformala en coñecemento.
- **Educación en valores:** O traballo colaborativo permite fomentar o respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade, así como a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes.
- **Emprendemento:** A sociedade actual demanda persoas que saiban traballar en equipo; por iso, na aula débese impulsar o uso de metodoloxías que promovan o traballo en grupo e técnicas cooperativas que fomenten o traballo consensuado, a toma de decisións en común e o respecto ás opinións dos demais. Fomentar o emprendemento é un elemento que está presente de xeito significativo en todas as materias de este departamento

## **17. INCORPORACIÓN DE MODIFICACIONES PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR**

No referente aos criterios de avaliación e cualificación en bacharelato modificáronse as ponderacións de cada instrumentos e os instrumentos de avaliación de algún dos contidos.

## **18. PROCEDIMIENTO PARA DAR COÑECEMENTO DAS PROGRAMACIONES AOS ALUMNOS**

A información que o Departamento dará ao alumnado para o coñecemento da programación responde ao seguinte guión:

### **Coñecemento dos puntos relevantes da programación**

1. Presentación da materia: material curricular e libros de lectura
2. Material necesario para o aproveitamento das clases
3. Contidos que se inclúen no curso
4. Distribución temporal dos contidos por trimestre e avaliación
5. Procedementos e instrumentos de avaliación
6. Criterios de cualificación
7. Obtención da nota nas avaliacións parciais
8. Criterios de recuperación de avaliacións suspensas
9. Obtención da cualificación final de xuño
10. Perda do dereito a avaliación continua. Consecuencias
11. Abandono da materia. Consecuencias

### **Procedementos utilizados**

1. Na primeira sesión de clase explícanse os puntos do apartado anterior
2. Exposición abreviada destes puntos no taboleiro da aula para que os alumnos poidan consultalos.
3. Unha copia estará a disposición de calquera alumno na Xefatura de Estudos, que a fará pública, e outra no Departamento
4. O Departamento porá a disposición dos alumnos una copia completa da programación
5. Se fora posible figurará na páxina Web do centro.

## **19. PROCEDIMIENTO PARA DAR COÑECEMENTO DAS PROGRAMACIONES Á COMUNIDADE EDUCATIVA**

### **Procedementos utilizados**

1. Facer pública a programación do Departamento
2. Exposición abreviada da mesma no taboleiro xeral do Centro para que a Comunidade Educativa a poida consultar.
3. Unha copia estará a disposición de calquera membro da Comunidade Educativa na Xefatura de Estudos, que a fará pública, e outra no Departamento

4. O Departamento porá a disposición de calquera membro da Comunidade Educativa una copia completa da programación
5. Se fora posible figurará na páxina Web do centro.

## **20. PROCEDEMENTOS DE ATENCIÓN A RECLAMACIÓN SOBRE CUALIFICACIÓN FINAIS**

O Departamento de Economía segue os procedementos xerais do Centro, a saber:

As reclamacións faranse por escrito, segundo o modelo de instancia que se aportará na Conserxería do centro.

Consultada a instancia procederase a revisar, por parte do profesor encargado dese curso, a cualificación obtida polo alumno segundo os criterios de cualificación expresados na Programación. Darase cumprida explicación ao alumnado sobre a súa cualificación.

De haber erros na puntuación ou na valoración dos diferentes apartados da proba, procederase á súa corrección. De non ser así manterase a cualificación obtida.

## **21. PROGRAMAS, ACTIVIDADES OU PROXECTOS DE INNOVACIÓN/FORMACIÓN NOS QUE VAI PARTICIPAR O DEPARTAMENTO**

O Departamento, neste momento, non ten previsto participar en ningunha actividade de formación/innovación.

## **22. PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN**

### **Procedementos**

1. Corresponde ao Departamento formular as necesidades, presentar propostas e introducir cambios
2. Realizarase unha avaliación global da programación e considerarase a necesidade de introducir as modificacións que se estimen oportunas

### **Criterios**

Para a avaliación da programación o Departamento de Economía establecerá os seguintes criterios:

- Unha avaliación máis axeitada de cara a coñecer máis en profundidade a realidade dos alumnos que están a cursar as materias do Departamento.
- Posta en práctica dos acordos asumidos
- Avaliar máis polo miúdo os resultados nas distintas probas e nos diferentes apartados: competencia lingüística, matemática, competencia para aprender a aprender e de autonomía persoal.
- Seguimento do cumprimento da programación e a secuenciación dos contidos.
- Seguimento do grao de cumprimento das tarefas por parte dos alumnos.
- Resolver problemas ou necesidades non previstas

### **23. CARACTERÍSTICAS IDENTIFICATIVAS**

#### **DATA DE ELABORACIÓN:**

Rematouse a elaboración o día 20 de setembro de 2019

#### **DATA DA REUNIÓN DE DEPARTAMENTO PARA A APROBACIÓN E COÑECE- MENTO DA MESMA POR PARTE DOS SEUS MEMBROS:**

A reunión do Departamento celebrouse o día 14 de setembro de 2019.

#### **DATA DE ENTREGA Á DIRECCIÓN DO CENTRO:**

Entregouse á Dirección do Centro o día 22 de setembro de 2019.

#### **MEMBROS DO DEPARTAMENTO:**

María Mercedes Suárez Albares, Xefa do Departamento

Para que conste firmo a presente programación do Departamento de Economía

Pontevedra a 20 de setembro de 2019

Asdo. M<sup>a</sup> Mercedes Suárez Albares  
Xefa do Departamento